

Pagán matina sobre violencia e imaxe

DANIEL SALGADO

A materia do novo filme de Alberte Pagán, *Pó de estrelas*, pódese perfilar a través dos outros títulos que o cineasta pensara para estes 24 minutos de reflexión sobre o mundo contemporáneo e a opulencia óptica que o conforman: *Jornal de noticias, o estado das cousas, o noso século, a sociedade do espectáculo* ou *nada é verdade, todo está permitido*. Nun documento descarnado e asfixiante, sen peaxes narrativas e construída co cascallo de imaxes que sedimenta en Occidente, Pagán radicaliza a súa aposta cinematográfica e cuestiona a condición humana

ao mesmo tempo que a linguaxe filmada.

Para *Pó de estrelas*, o autor de *Bs. As.* non empregou cámara. Se a primeira parte da obra funciona a partir da deconstrución de 2.000 fotogramas de anuncios televisivos sen banda sonora, a segunda engade o audio publicitario a unha icónica galería dos horrores do século XX en forma de fotos xornalísticas. “Quixen armar unha pequena meditación sobre o mundo actual”, sinala Pagán, “o contraste entre a dureza e a frivolidade”. “Interésame pensar sobre como utilizamos a imaxe nas sociedades occidentais hoxe en día”, explica.

Pó de estrelas estrearáse na sección oficial do festival *Punto de vista*, de Pamplona, durante o mes que vén. Esa e unha proxección no CGAI son os pasos previstos, de momento, por Alberte Pagán. “Quero que os filmes se vexan o máis posíbel, pero a exhibición non é algo que me formule en principio”, di. Os circuitos alternativos ou o man a man propician o coñecemento do seu traballo. Así foi como *Pó de estrelas* apareceu na listaxe da edición española de *Cahiers du cinema* entre as curtas máis interesantes de 2007. *Cousas de Kulechov*, da pontevedresa Susana Rei, acompañou a fita de Pagán na clasificación.